

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN

CURSO 2019/2020

6º PRIMARIA

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.	PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e	PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habita-

	<p>ción, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.</p>
<p>B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.</p>	<p>PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc</p>
<p>B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.</p>	<p>PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas</p>
<p>B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.</p>	<p>PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que tratan sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos para levar a cabo a avaliación serán actividades escritas, orais e traballos individuais realizados a través da plataforma Eva de EDIXGAL, sempre tendo en conta as probas escritas, orais, traballos individuais e en grupo levados a cabo durante a 1ª e a 2ª avaliación.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Resolución de exercicios, realizacións de fichas e preguntas ou cuestións realizadas a través de aplicacións online (Educaplay) e traballos individuais. Así mesmo, teranse en consideración os exercicios, fichas, tests, lecturas, presentacións, traballos en grupo e o caderno do alumnado levados a cabo durante a 1ª e 2ª avaliación. Todo o traballo será indicado a través da plataforma EDIXGAL.</p>
Cualificación final	<p>A nota da avaliación final calcularase da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nota media da 1ª, 2ª e 3ª avaliación. - Os resultados da 3ª avaliación sempre sumarán, pero un máximo dun 20% sobre as dúas anteriores. <p>O alumnado poderá subir a nota media das avaliacións anteriores do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización das tarefas no período de tempo solicitado. - Calidade das tarefas entregadas (comprensión e expresión). - Comprensión dos contidos. - Aplicación das correccións recibidas nas seguintes tarefas.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede.
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O alumnado cunha cualificación negativa na 1ª e 2ª avaliación realizará as tarefas propostas e outras actividades optativas de reforzo que se marcarán semanalmente.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>O alumnado poderá subir a nota das avaliacións anteriores sempre e cando cumpra as seguintes condicións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización das tarefas no período de tempo solicitado. - Calidade das tarefas entregadas (comprensión e expresión) - Comprensión dos contidos. - Aplicación das correccións recibidas nas seguintes tarefas.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os procedementos para levar a cabo a avaliación serán probas escritas e traballos individuais realizados a través da plataforma Eva de EDIXGAL,</p>

sempre tendo en conta as probas escritas, orais, traballos individuais e en grupo e o traballo na aula levado a cabo durante a 1ª e a 2ª avaliación.

Instrumentos:

Resolución de exercicios, realizacións de fichas e preguntas ou cuestións realizadas a través de aplicacións online (Educaplay) e aplicacións propias da plataforma EDIXGAL, e traballos individuais. Así mesmo, teranse en consideración os exercicios, fichas, tests, lecturas e presentacións, traballos en grupo e o caderno do alumnado levados a cabo durante a 1ª e 2ª avaliación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Para dar continuidade ao traballo en Lingua estranxeira: inglés, procedeuse a traballar a través da plataforma Eva de EDIXGAL, notificado ás familias cun enlace na web oficial do centro educativo e a través da aplicación de mensaxería instantánea TokApp School. Nesta plataforma, dúas veces por semana, súbense actividades de reforzo, repaso e ampliación que abarcan as catro destrezas básicas da lingua inglesa (listening, speaking, reading and writing). As actividades inclúen vídeos, xogos interactivos (wordsearch, fill in the gaps, crosswords, Kahoot!, webquests, match-up activities, xogos animados, etc.), actividades escritas, retos, actividades centradas na creatividade do alumnado, entre outras.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>A totalidade alumnado deste grupo conta cun ordenador portátil xa que pertencen ao programa Edixgal, así mesmo, todos contan con conexión a internet. A metodoloxía que se está a poñer en práctica inclúe actividades lúdicas, como xogos online e vídeos, así como diferentes tarefas centradas nos contidos e no vocabulario das unidades didácticas que o alumnado estaba desenvolvendo na escola.</p> <p>No caso de que algunha alumna ou alumno quedara sen conectividade, as actividades serán comunicadas a través da plataforma Tokapp School ou de forma telefónica.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Continuaremos traballando coa plataforma Edixgal, o Activity Book Go! 6 (Richmond) e outros materias extra. Así mesmo, proporanse actividades interactivas extra, así como xogos, retos, actividades audiovisuais, entre outros.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Empregaranse de diversas canles de comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mensaxería interna da plataforma Eva (EDIXGAL) para a resolución de dúbidas do alumnado. - Correo electrónico. - A aplicación de mensaxería instantánea TokApp School. - Teléfono. - Páxina web do centro educativo.
Publicidade	<p>Publicaranse as novas na web do centro educativo (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/), así como na plataforma Eva do programa EDIXGAL (https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php) e a través da aplicación de mensaxería instantánea Tokapp School.</p>